



## PREGUNTA ORAL

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o concelleiro que subscribe formula a seguinte **pregunta ao Concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia para a súa contestación oral no Pleno:**

O pasado mes de marzo celebrouse no barrio de Pontepedriña a chamada Festa da Xuventude. O día seguinte as rúas apareceron cheas de lixo, principalmente de envases e bolsas de plástico, tanto no lugar da Festa coma nos arredores e tamén no Parque Eugenio Granell. Esta imaxe e a que se atoparon veciños da zona e as persoas que acudiron ao mencionado parque.

Esta situación volveuse a repetir trala celebración fai uns días da Feira da Primavera do barrio de San Pedro que amenceu coa rúa principal chea de lixo.

De novo, durante a festa da Ascención, o Campus Sur amenceu cuberto de lixo como nos casos expostos anteriormente.

Diante desta situación, o Grupo Municipal Popular realiza a seguinte pregunta:

-¿Por qué a Concellaría de Medio Ambiente e Convivencia non habilitou ningún dispositivo especial para ter limpas e en condicións para veciños e transeúntes nestas zonas da cidade?

-¿Ten pensado esta Concellaría tomar algunha decisión para que non se volva a repetir esta situación en próximas celebracións?

**Santiago de Compostela, 6 de maio de 2016**

**Teresa Gutiérrez López**  
**Concelleira do Grupo Municipal Popular**

**Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela**